

Máis de dez encontros con axentes públicos e privados servirán para analizar os obstáculos legais en materia de mobilidade na fronteira do Río Miño

O estudo, promovido polo AECT Rio Minho a través da iniciativa da Comisión Europea "B-Solutions", contará coa presenza da experta nesta materia, María Gamayo.

O AECT Rio

Minho ten programado dende hoxe e ata o vindeiro venres máis dunha decena de

visitas e encontros con axentes públicos e privados do territorio

transfronteirizo para analizar os principais atrancos legais da mobilidade na

fronteira galego portuguesa. As reunións contarán coa presenza da experta

xurídica da Comisión Europea nesta materia, María Gamayo, quen unha vez

rematadas as xuntanzas elaborará un informe para entregar á institución Europea

no que se recolla os obstáculos legais identificados, como pode ser o traslado

de menores entre unha e outra beira do río Miño.

Entre as

entidades que participan no programa de visitas están os concellos e cámaras

municipais de Tui, Salvaterra, Tomiño, Monção, Valença e Vila

Nova de Cerveira;
a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia; o CCDR-N;
o Instituto da
Mobilidade e dos Transportes Terrestres de Portugal, e
operadores de
transportes e confederacións de empresas de ambas marxes do
río.

Este estudo
enmárcase dentro da iniciativa B- Solutions Boosting Minho
River Cross – Border
Mobility, proxecto para o que o AECT Rio Minho vén de recibir
unha subvencións
de 25.000 €. B-Solutions é unha convocatoria para o
financiamento de 20 micro proxectos piloto destinados a
solventar as barreiras
de carácter administrativo e legal que se verifican nas
fronteiras en áreas
como o emprego, a saúde, o transporte, o plurilingüismo e/ou
cooperación
institucional, e está orientada principalmente a entidades
públicas, como é o
caso do AECT Rio Minho.